

Cándido Pazó en

# Memorias dun neno labrego

170  
FUNCIONES

*un emotivo e divertido espectáculo  
teatral baseado no libro de*

## Xosé Neira Vilas

*unha homenaxe á memoria dun tempo  
que nos define e ao escritor  
que tan ben soubo contala*

**Cándido Pazó ponse ante o público coas Memorias dun neno labrego**  
 unha peza que ofrece o que promete no título: non só a adaptación do texto de Neira Vilas senón as vivencias persoais e colectivas vencelladas a ese libro clásico. De por parte, Pazó sóbenos nunha montaña rusa de emocións das que saímos commovidos e satisfeitos e na que en ningún momento deixa que a xente se descolgue do fio da historia nesta especie de florido pensil galego.

Aldegunde Quiñones

FARO DE VIGO, 10/04/2011

### Pazó leva anos demostrando a súa experiencia como contador de historias neste espectáculo desemboca todo ese saber

facendo que o público se identifique cos feitos contados dunha maneira que semella moi doada, mais que en realidade se debe a que hai un grande actor sobre o escenario.

A obra podería mesmo servir como un tratado de antropoloxía galega, xa que a adaptación do propio Pazó é intelixente e sabe interesar aos espectadores ao lles falar deles mesmos.

Axuda o espazo depurado de Carlos Alonso, as luces de Afonso Castro, os vídeos de Nano Besada e Rubén Vidal, así como a música de Manuel Riveiro, contribuíndo á fluidez rítmica que caracteriza todo o espectáculo.

Mais a pedra arredor da cal xira todo é sen dúbida o actor Cándido Pazó. Moi poucos se desenvolven coa súa soltura e cercanía, sabendo equilibrar tan ben os gags cómicos coas emocións más íntimas. A súa particular maneira, familiar e intensa, de nos contar o pasado vaille moi ben a un espectáculo no que a infancia se amosa como a patria eterna do ser humano.

Roi Vidal Ponte

XORNAL DE GALICIA

1/2/2011

### Poucos son capaces de aguantar nun escenario hora e media ante un patio de butacas repleto como Cándido Pazó

Os espectadores déixanse levar pola mestría dun intérprete que é quien de engaiolar coas súas palabras. Para este monólogo nacido da histórica *Memorias dun neno labrego*, Pazó convértese nun enlace entre xeracións.

Alberto Ramos

LECER (O CORREO GALEGO), 6/2/2011

### Na estrea desta obra, no Salón Teatro, as persoas do público choraban de felicidade

Esta montaxe esperta en nós moitísimos recordos que estaban durmidos, e ao mesmo tempo tomamos consciencia de moitas cousas, moitas rebeldías, moitas inxustizas. Tanto a linguaxe verbal do actor como a súa linguaxe corporal resultan dunha grandísima riqueza expresiva. O Material audiovisual tamén está bien pensado para evocar atmosferas valiosas.

Lupe Gómez

LA VOZ DE GALICIA.es 1/02/11

### Cándido Pazó, animal teatral en el mejor sentido de la frase

por cuanto domina las facetas de autor, director, dramaturgo, actor y monologuista, triunfa estos días ante uno de los públicos más duros y difíciles, el de los alumnos de secundaria. Y con una obra que, siendo el betseiller de la literatura gallega, refleja un mundo desconocido para los adolescentes de hoy en día. Pero Pazó los acerca al Balbino que todos llevamos dentro, que existe y es real en esta sociedad de la comunicación y de la información. Los escolares que asisten a las funciones en el Salón Teatro corroboran con su atención y sus aplausos el éxito del montaje

Amanda Alves



## **teatro directo**

Un espectáculo emotivo e divertido que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director, coa súa recoñecida traxectoria como conteiro e monologuista.

A estilización formal do teatro e a comunicación directa do monólogo cómico e a xogaría da palabra, na senda de Darío Fo, El Brujo, Pepe Rubianes...

## **videocreación**


Un espectáculo de gran atractivo visual, apoiado por un coidado traballo de videocreación que, combinado cunha elaborada iluminación, debuxa unha suxestiva escenografía das emocións

## **música orixinal**

Un espectáculo no que cada momento e cada situación ten a súa sonoridade da man dunha proposta musical composta para a ocasión.

## **literatura e tradición oral**

Misturando textos da obra de Neira Vilas con materiais da tradición oral e a memoria colectiva, combinando humor e emoción, evocación e anécdota, elaboración e improvisación



*Dedicado a todos os Balbinos do mundo, os que son, foron e serán. Os das aldeas da memoria e os das leiras de asfalto. Os expulsados da infancia, nenos labregos que en lugar dun sacho empuñan un fusil, os refuxiados de toda caste de medos e miserias, os que tiran pedras...*



Este espectáculo foi estreado no ano 2011 celebrando o 50 aniversario da primeira publicación en Buenos Aires de *Memorias dun neno labrego*, o libro máis lido, publicado e traducido da literatura galega, depositario e voceiro de moita da nosa memoria colectiva.

Camiño das 200 funcións por toda Galiza e diversas localidades de Europa e América, a compañía tomou a determinación de o manter indefinidamente no seu repertorio como tributo agradecido á boa acollida do público e ao garimoso trato co que de cote nos agasallou o recentemente desaparecido, e sempre lembrado, escritor.

Adaptación e dramaturxia

**Cándido Pazó**

Música orixinal

**Manuel Riveiro Hermo**

Iluminación e traballo técnico

**Afonso Castro**

Videocreación

**Nano Besada e Rubén V. "Zé"**

Deseño gráfico inicial

**Alberto Gende**

Ecenografía para a estrea

**Carlos Alonso**

Colaboradores

**Avelino González, David Fuentes,**  
**Avelino Cores "Fáber"**

Auxiliar de producción

**Lilian Portela**

Produción

**Belén Pichel**

Dirección

**Cándido Pazó**

**COVTRA**  
PRODUCCIONES

605263755 - 629852125

belenpichel@gmail.com

candidopazo@yahoo.es

A infancia é tempo de brincar. Para Balbino, e para tantos da súa época e condición, non o foi tanto. Por iso me enche de satisfacción que, da man deste magnífico espectáculo, aquel neno labrego poida brincar co teatro polo país adiante. Porque foi tanto o gozo que vin no público nas funcións ás que asistín que non quixera que ningúén perdesse esta cita coa festa da memoria, a sensibilidade e o divertimento.

Xosé Neira Vilas

